

EXPOSICIÓNS

1. A exposición "Tras a pegada das musas" estará dispoñible ata finais de outubro

A exposición "Tras a pegada das musas", que recolle na Casa do Cabido obras da artista plástica compostelá María Eiras, de nome artístico Mareiras, será clausurada o domingo 26 de outubro.

Mentres tanto, os visitantes poderán gozar un percorrido expositivo que fala de oito mulleres artistas cunha creatividade poderosa e singular: a condesa Oldini, Isabel Rawsthorne, Suzanne Valadon, Bella Chagall, Lidia Delectorskaya, Teresa Arijón, Celia Paul e Ethel Warwick. Ademais, Mareiras inclúe a súa propia musa masculina, Fausto. Deste xeito, a artista rompe co discurso artístico hexemónico e reivindica a posibilidade de que os homes encarnen o papel de musa.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/exposicion-tras-pegada-das-musas-recolle-obras-da-artista-plastica-compostela-mareiras>



OFICINA TÉCNICA



2. O Consorcio de Santiago realiza tarefas de mantemento na Casa do Cabido

O Consorcio de Santiago desenvolve tarefas de limpeza e conservación na fachada do histórico inmoble da Casa do Cabido. Destaca a actuación na icónica estrela de remate da fachada, na cal vaise mellorar a súa protección e aparencia, neutralizando o proceso de oxidación e aplicando pan de ouro para resaltar a súa presenza.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-desenvolvera-tarefas-de-mantemento-na-casa-do-cabido>

MÚSICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA



1. A Real Filharmonía de Galicia protagoniza a gala de clausura do Noia Harp Fest 2025

A Real Filharmonía de Galicia foi a encargada de protagonizar a gala de clausura do Noia Harp Fest 2025, no marco da cal tivo lugar a estrea mundial da obra "Cuatro historias gallegas", do compositor arxentino Federico Beilinson, gañador do III Premio Internacional de Composición Portus Apostoli.

O concerto estivo dirixido polo mestre Sebastian Zinca, director asistente da RFG, e contou coa participación das arpistas Claudia Besné e Francesca Romana Di Nicola.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gl/a-real-filharmonia-de-galicia-protagoniza-a-gala-de-clausura-do-noia-harp-fest-2025/>

2. A Real Filharmonía de Galicia participa do Galicia Clarinet Fest en Lalín

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu o 31 de xullo un concerto incluído na programación do Galicia Clarinet Fest, no concello pontevedrés de Lalín. Na ocasión, o director José Luis Estellés estivo á fronte da orquestra acompañado polos clarinetistas Emilio Alonso Espasandín e Xocas Meijide, dous experimentados clarinetistas galegos cuxo perfil abarca un repertorio amplo e versátil. Ademais, o espectáculo tamén contou coa participación do músico Juan Ferrer, un dos máis polifacéticos e activos clarinetistas españois da súa xeración.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gl/a-real-filharmonia-de-galicia-participa-do-galicia-clarinet-fest-en-lalin/>



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

1. A EAEM publica unha convocatoria extraordinaria para o Curso Avanzado de Especialización Orquestral 2025-2026

A Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM), vencellada á Real Filharmonía de Galicia e xestionada polo Consorcio de Santiago convocou no mes de febreiro a 14ª edición do Curso Avanzado de Especialización Orquestral, recoñecido como Título Propio de Posgrao pola Universidade de Santiago.

Tras realizar as probas de selección, a EAEM lanza agora unha convocatoria extraordinaria na que se ofertan tres prazas: unha de violín, unha de violoncello e outra de viola, que non se cubriron. As persoas interesadas en participar nas probas de selección, que se celebrarán o 20 de setembro de 2025, deberán presentar a súa solicitude antes do 16 dese mesmo mes.

Máis información CAEO:

<https://eaem.es/g/noticias/a-eaem-publica-una-convocatoria-extraordinaria-para-o-curso-avanzado-de-especializacion-orquestral-2025-2026/>

